
UN AGASALLO DIFERENTE

Texto de MARTA AZCONA

Ilustracións de ROSA OSUNA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) – 2006
SELECCIÓN MINISTERIO DE EDUCACIÓN (Arxentina) – 2015
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

[Un agasallo diferente](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-527-6. Demademora.

[Un regalo diferente](#) (castelán)

ISBN 978-84-96388-09-3. Obras de autor. Primeros lectores.

[Un regal diferent](#) (català)

ISBN 978-84-8464-257-2. Obres d'autor. Primers lectors.

[Um presente diferente](#) (português)

ISBN 978-989-8781-94-1. Obras de autor. Primeiros leitores.

[A different present](#) (English)

ISBN 978-84-8464-683-9. Books for dreaming.

[Un regalo diverso](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-052-2. Gli albi d'autore. Primi lettori.

*O día do seu aniversario, Marcel invitou a Tristán
a merendar na súa casa.*

*-Felicidades! –dixo Tristán ao ver o seu amigo,
e deulle un pequeno paquete...*

Tristán obsequia o seu amigo Marcel cun anaco de tea sobrante dunhas cortinas. Marcel tería preferido unha buxaina, pero acaba agradecendo ese agasallo porque decátase da cantidade de utilidades que pode ter un simple pano: para limparse, protexerse do sol, cruzar un río, abrigarse, fuxir dos perigos...

Debaixo do lazo e do papel, un agasallo poder ser unha desilusión para quen agardaba outro tipo de obsequio. Marcel apreciará a humildade do detalle porque os protagonistas pertencen a un mundo no que se valoran os obxectos máis insignificantes: chapas, cortizas, cordas e ata unha pedra poden converterse nun xoguete marabilloso, nunha fascinante caixa de sorpresas.

«Un agasallo diferente» é unha reflexión sobre a decepción, aborda a capacidade innata dos nenos e das nenas para darlle renda solta á imaxinación e gozar co que teñen á man, por simple que pareza. Para eles, calquera cousa pode agochar un tesouro e converterse nunha fonte de diversión, nunha boneca rusa que conteña todos os xoguetes, todos os agasallos.

Nas ilustracións aparece un misterioso personaxe que segue os protagonistas nas súas aventuras. A técnica combina o uso do pastel con aplicacións de tea.



■ **Temática:** a amizade, o consumismo.

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** o relato visual (as imaxes) inclúe un personaxe paralelo alleo ao relato literario; diferentes aplicacións e utilidades para os obxectos; reflexión sobre a decepción; agasallos feitos con materiais caseiros; reciclaxe; da ilustradora de «Avós», «Non é fácil, pequeno esquío» e «O fío» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-agasallo-diferente-g>

Marta Azcona

Naceu en Oviedo. Licenciouse en Filoloxía Inglesa e trasladouse a Madrid, onde empezou a colaborar en radio e televisión. Foi reporteira, redactora e guionista de varios programas e magacíns. Dende hai uns anos dedícase en exclusiva a escribir guións para series de ficción. Publicou «Manual de amargados, maniáticos y depresivos» (Temas de Hoy). «Un agasallo diferente» foi o seu primeiro libro infantil.

Rosa Osuna

(Segovia, 1961)

Vive e traballa en Madrid. É licenciada en Belas Artes. Despois de dedicarse durante varios anos ao deseño gráfico, a ilustración publicitaria e a animación, actualmente a súa especialidade é a ilustración infantil. Publicou varios álbums ilustrados dos que tamén é autora, e continúa creando e modelando personaxes en tres dimensións para todo tipo de proxectos. «Avós», editado por KALANDRAKA, foi o seu primeiro álbum ilustrado; seguíronlle «Non é fácil, pequeno esquío» e «O fío».

<http://www.pinterest.com/rosaosuna2>

